

## Conta Satélite da Produción Doméstica. Base 2008

Ano 2010

### Resumo de resultados

---

A Conta Satélite da Produción Doméstica (CSPD) amplía a fronteira da produción definida polo Sistema Europeo de Contas (SEC-95) para recoller un conxunto de servizos producidos dentro do ámbito doméstico polos propios membros do fogar que non se inclúen nas Contas Económicas. Os fogares proporcionan servizos como poden ser a preparación de alimentos, a limpeza do fogar, o coidado dos nenos e maiores ou o voluntariado, producíndoos eles mesmos ou adquiríndoos no mercado, de xeito que, no primeiro caso non se remunera este traballo e por regra xeral non se inclúe no PIB. A valoración monetaria destas actividades permite a súa comparativa co núcleo das Contas Económicas.

Dentro da produción doméstica considéranse diversas actividades clasificadas en cinco funcións: aloxamento, comida, roupa, coidados/educación e traballo voluntario. Hai que ter en conta que non tódalas actividades que se levan a cabo dentro do fogar son consideradas actividades produtivas, considerándose como tal aquelas que poderían delegarse nunha terceira persoa allea ao fogar (como por exemplo, a limpeza, a preparación da comida, etc.)<sup>1</sup>

**O valor engadido bruto que acada a produción doméstica galega non contabilizada no PIB, para o 2010, é de 28.649 millóns de euros.**

No ano 2010, os galegos empregaron de media 3,5 horas ao día na realización de servizos domésticos e persoais non remunerados e destinados ao autoconsumo. A valoración económica destes servizos, realizada na CSPD permite obter a estimación do valor engadido bruto (VEB) xerado por estes servizos que é de 28.649 millóns de euros.

O tempo empregado nas actividades domésticas é moi distinto por sexo, cunha media diaria de 2,1 horas para os homes fronte a 4,7 horas para as mulleres. Se comparamos estes datos cos obtidos no ano 2003 (último ano do cal se dispón información) observamos un tímido aumento do tempo que os homes empregan nas tarefas domésticas (1,8 horas en 2003) e unha mínima diminución do correspondente ás mulleres (4,8 horas en 2003). Un dos condicionantes do repartimento por sexos é a menor taxa de ocupación das mulleres, porén no período comprendido entre o 2003 e o 2010 a

---

<sup>1</sup> Na metodoloxía desta operación poden consultarse as actividades consideradas produtivas e o procedemento de estimación empregado.

diferenza entre a taxa de ocupación de homes e mulleres reduciuse en nove puntos porcentuais con escasa incidencia nos tempos que ambos sexos empregan nas actividades domésticas.

<b>Tempo empregado en actividades domésticas produtivas non remuneradas (minutos/día)</b>				
FUNCÍONS	2003		2010	
	HOMES	MULLERES	HOMES	MULLERES
Proporcionar aloxamento	35,8	74,3	40,2	74,9
Proporcionar comida	33,0	117,9	38,2	107,9
Proporcionar roupa	6,6	40,8	9,5	36,6
Proporcionar coidados e educación	23,6	40,8	30,2	47,6
Traballo voluntario	10,7	11,5	10,0	13,0
<b>Total</b>	<b>109,7</b>	<b>285,3</b>	<b>128,0</b>	<b>280,0</b>

Fonte: Elaboración propia a partir de INE. *Encuesta de empleo del tiempo*

### **As mulleres son responsables do 70,2 % do VEB xerado pola produción doméstica**

O maior tempo empregado polas mulleres na realización de tarefas domésticas non remuneradas vese reflectido nunha maior contribución destas ao VEB xerado. Das cinco funcións consideradas na conta satélite da produción doméstica de Galicia, o traballo voluntario, que recolle as actividades voluntarias de prestación de servizos a outros fogares ou a institucións sen fins de lucro, é o que presenta un reparto máis igualitario entre homes e mulleres, cun 41,6% e un 58,4% respectivamente.

<b>Distribución do VEB xerado pola produción doméstica por sexo (%)</b>		
FUNCÍONS	Homes	Mulleres
Proporcionar aloxamento	33,2	66,8
Proporcionar comida	24,7	75,3
Proporcionar roupa	19,4	80,6
Proporcionar coidados e educación	37,0	63,0
Traballo voluntario	41,6	58,4
<b>Total</b>	<b>29,8</b>	<b>70,2</b>

Fonte: IGE. Conta satélite da produción doméstica. Ano 2010

Non só existen diferenzas no tempo que homes e mulleres dedican ao traballo doméstico, tamén son distintas as funcións nas que ambos sexos concentran o tempo dedicado a realizar estes servizos.


A función proporcionar comida, que inclúe a planificación da comida, adquisición dos ingredientes, preparala, servila, fregar os pratos, etc., representa o 35,2 % do VEB doméstico total, sendo a principal función para as mulleres, cun peso do 38%.

A seguinte función por orde de importancia é proporcionar aloxamento, que inclúe tanto o mantemento e a decoración da vivenda, alugada ou en propiedade, como a limpeza, as reparacións, o equipamento desta, etc. Esta é principal función para os homes, representando un 33% do VEB xerado por eles.

O coidado dos nenos e persoas dependentes dentro dos fogares é a seguinte función cunha maior contribución ao VEB doméstico. Esta función representa case a cuarta parte do VEB xerado polos homes.

Distribución do VEB xerado pola produción doméstica por funcións	
FUNCIÓNS	Total
Proporcionar aloxamento	29,5%
Proporcionar comida	35,2%
Proporcionar roupa	11,1%
Proporcionar coidados e educación	18,7%
Traballo voluntario	5,5%
<b>Total</b>	<b>100,0%</b>

Fonte: IGE. Conta satélite da produción doméstica. Ano 2010



## O valor engadido bruto xerado pola produción doméstica dos fogares galegos representaría o 50,6% do PIB galego

Na conta satélite da produción doméstica amplíase a fronteira que delimita a economía en termos da Sistema Europeo de Contas (SEC), estimándose a produción de non mercado que se xera nos fogares para a satisfacción das necesidades básicas dos membros deses fogares e o valor engadido bruto xerado por esta. A valoración económica deste conxunto de actividades lévanos a introducir o concepto de economía estendida entendendo como tal a nova valoración de actividades que quedaban excluídas da fronteira de produción definida polo SEC así como unha serie de cambios conceptuais en determinados agregados económicos.

### CONTAS DE PRODUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DA ECONOMÍA ESTENDIDA

Ano 2010

Unidade: miles de euros

	Conta de produción	SEC	NON SEC	Economía Estendida
<b>Recursos</b>				
P.1	Produción	108.543.221	37.311.721	145.854.942
D.21-D.31	Impostos netos sobre os produtos	5.076.396	-	5.076.396
<b>Empregos</b>				
P.2	Consumos intermedios	57.006.590	8.662.456	65.669.046
<b>B.1b</b>	<b>PIB / VALOR ENGADIDO BRUTO</b>	<b>56.613.027</b>	<b>28.649.265</b>	<b>85.262.292</b>
	Conta de explotación	SEC	NON SEC	Economía Estendida
<b>Recursos</b>				
<b>B.1b</b>	<b>PIB / VALOR ENGADIDO BRUTO</b>	<b>56.613.027</b>	<b>28.649.265</b>	<b>85.262.292</b>
<b>Empregos</b>				
D.2- D.3	Impostos netos sobre a produción e as importacións	5.181.526	-	5.181.526
D.1	Remuneración de asalariados	26.589.936	27.293.003	53.882.939
B.2b	Excedente de Explotación Bruto / Renda mixta bruta	24.841.565	1.356.262	26.197.827

Fonte: IGE. Conta satélite da produción doméstica. Ano 2010

Na CSPD considérase que os fogares son produtores de servizos que autoconsumen e, polo tanto, a contabilización desta produción significaría un aumento da produción levada a cabo polo sector fogares e un aumento de igual contía do gasto en consumo final dos fogares.

Por outra banda, debe facerse unha reclasificación do consumo dos fogares, de xeito que os bens e servizos que se consideran gasto en consumo final nas Contas Económicas, deben reclasificarse en consumo final, consumo intermedio ou investimento. Aqueles bens e servizos que se empregan como input para a produción doméstica (alimentos, deterxentes, etc.) deben ser considerados na CSPD consumos intermedios e serán investimentos aqueles bens de capital requiridos para realizar esta produción (lavadora, forno, etc.)

O punto fundamental deste tipo de estudo é a elección do salario/hora co cal valorar o traballo doméstico. Na CSPD de Galicia optouse pola remuneración dun traballador non especializado, sen unha cualificación especial e que realicen tódalas tarefas propias dun fogar. Considérase a base de valoración máis adecuada xa que o tempo de traballo destinado polo fogar a actividades domésticas tería unha produtividade similar, o abano de actividades que realizan estes traballadores é similar ás que poden facer os membros dos fogares e contan cos mesmos medios materiais para desenvolvelo.

Para valorar as actividades domésticas realizadas utilizouse a ratio “Soldos e salarios” dividido polas horas traballadas, estimada na rama de actividade “Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico” (R97) incluída na operación estatística Contas Económicas de Galicia.

O valor engadido bruto xerado pola produción doméstica non remunerada dos fogares galegos sería de 28.649 millóns de euros, o que equivalería ao 50,6% do PIB do ano 2010. Debe resaltarse que este nivel é moi sensible ao salario/hora elixido para valorar o traballo doméstico.

### **O peso da produción doméstica sobre o PIB diminuíu 1,6 puntos porcentuais no período 2003-2010**

O Instituto Galego de Estatística realizou no ano 2006 unha CSPD referida ao ano 2003. Os niveis publicados naquela Conta non deben ser comparados coa actual debido aos cambios de base realizados, que incorporaron ás estimacións do IGE nova información e novas estimacións de horas traballadas por rama de actividade. En particular o salario por hora empregado para valorar o traballo doméstico no ano 2003 e no ano 2010 presentan unha forte discrepancia derivada dos dous cambios de base contable que tiveron lugar entre os anos de realización de ambas contas satélites e da importante revisión que sufriu a rama de actividade “Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico” que se emprega para valorar a produción doméstica. Así, a CSPD de 2003

publicada empregaba os datos das Contas Económicas de Galicia Base 2000 e a CSPD de 2010 agora publicada está en Base 2008.

Para comparar a valoración de 2010 coa de 2003, aplicamos ás horas obtidas en 2003 o salario/hora calculado segundo a metodoloxía do 2010. O VEB (en Base 2008) xerado pola produción doméstica en 2003 sería de 21.673 millóns de euros, o que representaría un 52,2% do PIB do ano 2003. Teríamos por tanto que o peso da produción doméstica sobre o PIB diminuíu 1,6 puntos porcentuais no período 2003-2010.

---

**Para máis información:**

**Instituto Galego de Estatística**  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?paxina=005006001&idioma=gl>  
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Síguenos en Twitter: [https://twitter.com/IGE\\_Estatistica](https://twitter.com/IGE_Estatistica)  
Síguenos en Facebook: <https://www.facebook.com/INSTITUTOGALEGOESTATISTICA?sk=wall>